



CONCELLO DE BARBADÁS

ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BARBADÁS E DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE ESTE SERVICIO.

CAPÍTULO 1.- ORDENAMENTO FISCAL.

Artigo 1.- Fundamento e réxime xurídico:

Conforme ó autorizado polo artigo 57 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, que no artigo 20.4 v) establece as taxas por ensinanzas especiais en establecementos das entidades locais, régúlase pola presente ordenanza, redactada conforme co disposto no artigo 16 da citada lei.

Artigo 2.- Feito imponible:

Constitúe o feito imponible a prestación de servizo de ensinanzas especiais na Escola de Música do Concello de Barbadás.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos:

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que solicitan ou resultan beneficiados/as ou afectados/as polo servizo a que se refire o artigo 2 desta ordenanza.

Artigo 4.- Dereito a percibi-la taxa.

O dereito a percibi-la taxa nacerá coa presentación da solicitude que inicie a actuación, que non se realizará sen que se teña efectuado o pagamento correspondente.

Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, o servizo non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 5.- Tarifas, exencións e bonificacións.

Dereitos de matrícula para calquera nivel: 30 euros. O importe do servizo aboarase en dous pagamentos, nos meses de novembro e de marzo, cun importe cada un de 45 €. Os programas de carácter especial que non conleven carga docente específica de Linguaxe Musical (Programa Música Integra, Obradoiros de Música Tradicional...) aboarán únicamente as taxas de matrícula.

Estarán exentos/as do abono dos pagamentos de marzo e novembro os/as matriculados/as menores de 18 anos cuxos proxenitores/as ou titores/as estean en paro.

No caso de unidades familiares con tres ou máis fillos/as o/a terceiro/a que se matricule e os/as seguintes estarán exentos do abono dos pagamentos de marzo e novembro.





CONCELLO DE BARBADÁS

~~Estarán bonificados/as os/as matriculados/as menores de 18 anos que pertencen a familias con ingresos anuais netos, por membro da unidade familiar inferior ao 50% do IPREM anual. Os beneficiarios/as da bonificación aboarán 36 euros en cada un dos dous pagamentos, o que supón unha redución do 20%.~~

Na valoración das solicitudes de bonificacións terase en conta a renda per cápita familiar e a situación existente no exercicio fiscal inmediatamente anterior, e nos casos de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, a súa acreditación na data da solicitude da bonificación será tida en conta só ós efectos do cómputo das e dos membros da unidade familiar.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos netos anuais de todas as persoas da unidade familiar, divididas polo número de membros computables do exercicio fiscal que proceda segundo o disposto no parágrafo anterior. É requisito obrigado presentar certificación de vida laboral dos e das integrantes da unidade familiar en idade laboral que estean traballando. Ademais, para a determinación destes ingresos seguirase as seguintes regras:

- a) No caso de presentación da declaración do IRPF, determinarase pola agregación da base imponible xeral coa base imponible de aforro.
- b) No caso de non estar obrigado/a a presentar a declaración do IRPF, estarase aos importes resultantes do certificado de retencións expedidos pola empresa ou das copias compulsadas das nóminas, do certificado de percibir prestacións sociais, e subsidiariamente, da declaración xurada de ingresos presentada por cada membro computable da unidade familiar maior de idade, sen prexuízo de achegarse a certificación correspondente da AEAT sobre os datos fiscais daqueles.
- c) Nos supostos de separación, divorcio ou ruptura do vínculo non matrimonial, a renda procedente das pensións compensatorias establecidas nos convenios reguladores, agás denuncia do seu impago acreditada formalmente e vixente na data da solicitude, será tida en conta para a determinación da capacidade económica do/a solicitante. Dita renda incrementarase atendendo á variación interanual do IPC dende a data da sentenza ou formalización do convenio regulador.
- d) Se nos supostos de separación e divorcio, os ou as ex cónxuxes presentaran declaración conxunta no exercicio fiscal anterior, deberá achegarse certificación acreditativa dos datos fiscais individualizados da persoa solicitante, ou ben estarase aos importes resultantes do certificado de retencións expedidos pola empresa ou das copias compulsadas das nóminas, certificados de prestacións sociais, e subsidiariamente, da declaración xurada de ingresos do xeito previsto na letra b) anterior.

As exencións e bonificacións previstas concederanse por pedimento do/a interesado/a. Éste/a deberá achegar, xunto coa solicitude correspondente e durante o mes de outubro, a seguinte documentación:





CONCELLO DE BARBADÁS

- Libro de familia: copia compulsada das follas de todas as persoas da unidade familiar. Se é o caso sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador.
- Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria nas que consten as rendas de todas as persoas da unidade familiar, sen perxuízo de achegar tanta documentación sexa precisa para determinar os seus ingresos netos.
- Presentar cada 3 meses tarxeta do paro para poder beneficiarse da exención motivada por tal situación.

Artigo 6.- Normas de xestión e forma de pagamento.

O prezo da matrícula farase efectivo en entidade bancaria colaboradora. Os posteriores pagamentos realizaranse mediante emisión de recibos.

No suposto de devolución de un recibo, o alumno ou alumna terá 15 días naturais, dende que se lle comunique esta devolución, para efectuar de novo o pago e presentar a copia deste na dirección do Centro. Ao importe adeudado deberá sumárselle os gastos de devolución do recibo, que correrán a cargo do/a alumno/a.

O non cumprimento, dentro dos prazos previstos, do pago das cuotas, levará á baixa automática do/a alumno/a mediante un comunicado escrito da dirección do Centro.

No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude e antes do primeiro día de clase, os/as solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do importe aboado.

CAPÍTULO 2.- ORDENAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 7.- Reserva de matrícula e novas matrículas.

As reservas de matrícula para os/as alumnos/as que xa están cursando na Escola de Música, efectuarase do 1 ao 20 de maio. Calquera reserva fóra desta data será tratada, a tódolos efectos, como matrícula nova.

As matrículas novas efectuaranse dende o 1 ao 15 de xuño. A tal efecto, darase publicidade á apertura deste prazo de matriculación, mediante anuncios nos tablóns do Concello, Escola de Música e da Casa de Cultura, así como na páxina Web. Do mesmo modo, será anunciado o día e a hora para a elección do horario de Linguaxe Musical.

Para renovar ou facer unha nova matrícula deberá adxuntarse, xunto co impreso correspondente, a copia do ingreso da taxa de matrícula; esta taxa será establecida polo Concello de Barbadás anualmente.





CONCELLO DE BARBADÁS

Artigo 8.- Criterios de admisión.

No caso de que as prazas existentes non sexan suficientes para cubri-las solicitudes presentadas os criterios de admisión serán os seguintes:

1. Solicitantes cuxos pais/nais ou titores/as estean empadroados/as no Concello de Barbadás dando preferencia dentro destes/as a aqueles/as cuxos irmáns ou irmás cursen estudos na Escola de Música.
2. Solicitantes que en anos anteriores cursaran estudos na Escola de Música do Concello.
3. Solicitantes que teñan irmáns ou irmás incurso na circunstancia do punto anterior.

No suposto de existir empate entre varios/as candidatos/as, unha vez aplicados os criterios de selección, a elección resolverase mediante sorteo cas partes implicadas presentes.

Por parte da Dirección do Centro publicarase a lista provisional de admitidos e admitidas, á vista da cal, os/as interesados/as, poderán formular reclamacións no prazo de dez días. Unha vez remate este prazo, o Centro procederá a publicar a lista definitiva de admitidos/as.

Artigo 9.- Curso Escolar e Horarios.

O curso escolar escomenzará o primeiro día hábil a contar dende o 15 de setembro, e rematará a según o calendario establecido para Educación Primaria, pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia. A información cas datas precisas de escomenzo e final de curso, así como os días non lectivos do ano, estará exposta no taboleiro informativo da Escola Municipal de Música.

Os horarios das clases das especialidades serán consensuados entre alumnado e profesorado, según a dispoñibilidade de horario de cada profesor/a. En caso de conflito entre dous/duas alumnos/as ou máis polo horario da especialidade, primará sempre o/a alumno/a con mellor expediente. Pola contra os horarios de Linguaxe Musical serán asignados mediante sorteo público na data que a Escola designe para tal efecto, de xeito que as clases de Linguaxe Musical estean equilibradas en número e cantidade de alumnos/as, co fin de garantir unha igualdade de condicións na docencia desta asignatura. Estas listas **non se alterarán baixo ningunha circunstancia**, a non ser de mutuo acordo entre dous/dúas alumnos/as que desexen permutar as súas horas.

Todos estes horarios **quedarán establecidos a finais do curso anterior**, de xeito que o curso poida escomenzar con total normalidade dende o primeiro día lectivo.

Artigo 10.- Organización académica.

Dependendo dos anos de cada alumno/a, os cursos dentro da Escola de Música artéllanse do seguinte xeito:

Música e Movemento 1º (nenos/as de 4 anos, cumpridos o 1 de outubro do ano en curso)

Música e Movemento 2º (nenos/as de 5 anos, cumpridos o 1 de outubro do ano en curso)





CONCELLO DE BARBADÁS

Música e Movemento 3º (nenos/as de 6 anos, cumpridos o 1 de outubro do ano en curso)

PRIMEIRO CURSO (nenos/as de 7 anos ou máis, cumpridos o 1 de outubro do ano en curso)

SEGUNDO CURSO (nenos/as de 8 anos ou máis, cumpridos o 1 de outubro do ano en curso)

TERCEIRO CURSO (nenos/as de 9 anos ou máis, cumpridos o 1 de outubro do ano en curso)

CUARTO CURSO (nenos/as de 10 anos ou máis, cumpridos o 1 de outubro do ano en curso)

QUINTO CURSO (nenos/as de 11 anos ou máis, cumpridos o 1 de outubro do ano en curso)

O curso dividirase en dous cuatrimestres, cuxas probas de avaliación serán nos meses de xaneiro e de maio respectivamente.

Para avanzar de curso de Linguaxe Musical deberán estar aprobados os dous cuatrimestres; a tal efecto será entregado a cada alumno/a un informe detallado da súa actividade e comportamento ao longo de cada cuatrimestre.

Estableceranse unhas días de recuperación para aqueles/as alumnos/as que non tiveran superada algunha avaliación ou que non se poideran presentar na data do examen.

Toda esta información estará exposta dende principios de curso no taboleiro informativo na Escola de Música.

Artigo 11.- Asignaturas.

Os cursos a partires dos 7 anos (é dicir a partires de Primeiro Curso) xirarán en torno a tres asignaturas fundamentais, que son: Linguaxe Musical, Especialidade (instrumento, coro,...) e Clase Colectiva.

É obrigatoria a asistencia a tódalas asignaturas que se establezcan para cada curso e especialidade; no caso contrario a Dirección da Escola poderá dar de baixa definitiva ós/ás alumnos/as que non sigan o programa establecido, previa notificación escrita por parte da Dirección do Centro.

Unha vez rematado o QUINTO CURSO, aqueles/as alumnos/as que o desexen poderán seguir ampliando os seus coñecementos de instrumento, sen a necesidade de asistir á clase de Linguaxe Musical, pero si á da Especialidade e á Colectivas pertinente.

Estarán exentos/as da asistencia ás clases de Linguaxe Musical e Colectiva aqueles/as alumnos/as que se matriculen como adultos/as; tamén estarán exentos da asistencia ás clases de Linguaxe Musical aqueles/as alumnos/as que cursen ou teñan cursado estudos no Conservatorio, e cuxo nivel iguale ou supere o esixido polo Centro.

Tódalas faltas de asistencia á Escola deberán ser xustificadas; a tal efecto o profesorado dispón de unhas impresos que deberán ser cubertos polos/as pais/nais ou titores/titoras e entregados ó/a profesor/a pertinente. A falta de asistencia reiterada, e sen xustificación válida, suporá a baixa definitiva da Escola de Música, previa notificación escrita por parte da Dirección do Centro.





CONCELLO DE BARBADÁS

~~Artigo 12.~~ Responsabilidades.

O profesorado será o responsables do alumnado durante o tempo de clase, debendo os pais/nais ou titores/titoras facerse cargo deles/delas tan pronto rematen estas. Nin a Dirección do Centro nin os propios/as profesores/as serán responsables de calquera incidente co alumnado unha vez estes/estas rematen a súa clase e abandonen a aula. Se algún pai/nai ou titor/titora, excepcionalmente, non pode asistir a recoller ao seu/sua fillo/a deberá comunicalo con antelación ó/á profesor/a correspondente.

Se un/unha profesor/a necesita, por motivos extraordinarios, cambiar a hora ou día dunha clase, deberá comunicalo con suficiente antelación á dirección do Centro, e tamén ós/ás alumnos/as, co fin de buscar outra hora alternativa para recuperar a clase. Salvo casos especiais non previstos con antelación, esta será a norma a seguir.

É responsabilidade dos/das alumnos/as manter en perfecto estado tanto as instalacións como o material da Escola. En caso de desperfectos causados no material ou instalacións da Escola por parte de algún/algunha alumno/a, este deberá facerse cargo dos gastos pertinentes.

Os/as profesores/as serán os/as responsables de velar polo material que se atope nas súas aulas, debendo comunicar á Dirección do Centro calquer desperfecto ou ausencia de este. Tamén deberán deixar, ao remate das clases, as aulas no mesmo estado de colocación que as atoparon, a fin de que poidan ser empregadas por outros/outras profesores/as para sucesivas clases.

Esta prohibido ós/ás alumnos/as o acceso ás aulas, ou permanecer sos/soas nestas, sen a presenza do profesor ou profesora, salvo expresa autorización deste/a.

Está prohibido meter ou sacar material das aulas, como cadeiras, borradores, atriles, libros, radiadores, etc... salvo expresa autorización da Dirección do Centro.

É responsabilidade da Dirección do Centro velar polo estricto cumprimento desta normativa.

Disposicións finais

Primeira.

No non previsto especificamente nesta ordenanza ateranse ó disposto na Lei reguladora das facendas locais, na Lei tributaria, nos Regulamentos de recadación e inspección e demais de aplicación.

Segunda.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor para o curso 2016-2017, previa preceptiva publicación do texto íntegro no BOP, e permanecendo en vigor ata a súa modificación expresa.

Barbadás, 5 de outubro de 2016

O ALCALDE





CONCELLO DE BARBADÁS

Xosé Carlos Valcárcel Doval

